



ACTA nº 1 DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS VACANTES NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, POR MOBILIDADE, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE O PERSOAL DO CONSORCIO.

EXPEDIENTE: 2023/G003/000065

EXPEDIENTE DE ORIXE: 2023/E001/000001

En data 07 de marzo de 2023 e sendo as 13:45 horas, réunese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura temporal de postos vacantes no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante concurso de méritos, polo sistema de mobilidade interna, entre o persoal do Consorcio, baixo a presidencia de don José Luis Barca Añón, xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña; e coa asistencia dos vogais: don Mauricio Calvo Vidal, suboficial coordinador do servizo do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña; dona Isabel Brión Queiruga, administrativa Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña; dona Lorena Naya Rodríguez, auxiliar administrativa do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña; actuando como secretaria dona María Graciela Riveiro Moreira, secretaria interventora do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, **quen dá fe do acto.**

Escusa a súa asistencia don Francisco Javier Souto Facal.

1.- BAREMO DE MÉRITOS.

Tendo en conta a base SÉTIMA das que rexen o presente proceso selectivo, procédese a valoración da fase de concurso, respecto dos aspirantes admitidos, obténdose o seguinte resultado :

| Nome e apelidos | Experiencia profesional | Proximidade domicilio habitual | Familiares a cargo | PUNTUACIÓN TOTAL |
|--------------------|-------------------------|--------------------------------|--------------------|------------------|
| Souto García Cesar | 41,40 puntos | 15 puntos | 0 puntos | 56,4 puntos |

2.- PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS.

O Tribunal, de acordo coas bases reguladoras, acorda a publicación do anuncio coas notas definitivas do presente procedemento selectivo no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña (https://sede.cciacoruna.gal/opencms/export/sites/consorciocciacoruna/recursos/downloads/Tablon/2022/ANUNCIO_PROG_20220907133025151_ANEXO_1662550225-0.pdf), así como na súa páxina web (<https://www.cciacoruna.com/noticia.php?noticia=276&idioma=gl>).

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE VACANTES.

De conformidade co disposto na base QUINTA fórmase a seguinte proposta de adxudicación en relación á praza solicitada, por orde decrecente:

| PRAZA VACANTE: SPEIS 01 | |
|-------------------------|--------------------|
| 1 | Souto García Cesar |



| | |
|-------------------------|--------------------|
| PRAZA VACANTE: SPEIS 07 | |
| 1 | Souto García Cesar |

Resto de prazas non se presentan solicitudes.

4.- PRAZO DE ALEGACIÓNS.

Ao abeiro do disposto na base QUINTA outórgase un prazo de tres días hábiles para que os concursantes poidan formular alegacións ou reclamacións. Se transcrido o devandito prazo, non se formularan alegacións elevarase a definitiva a proposta formulada no punto 3.

5.- FINALIZACIÓN DA SESIÓN.

Ás 14:00 horas o presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu secretario dou fe.

FIRMADO POR María Graciela Riveiro Moreira (FECHA: 08/03/2023 10:06:00) ,
María Isabel Brion Queiruga (FECHA: 08/03/2023 10:23:00) ,
Mauricio Calvo Vidal (FECHA: 08/03/2023 10:38:00) ,
Lorena Naya Rodríguez (FECHA: 08/03/2023 10:43:00) ,
José Luis Barca Añón (FECHA: 08/03/2023 14:45:00)

Versión imprimible

CVD: towf90uplWTIRq5lBfK3

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.